

Este documento presenta algunhas das comunicacións expostas nas palestras da xornada O MONTE: OPORTUNIDADE SUSTENTABLE FRONTE A CRISE, celebrada o 4 de xuño de 2011 en Melide e organizada pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e a Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACCMM).



# MONTES E EMPREGO AO LONGO DA HISTORIA

Araceli Freire Cedeira  
Universidade de Santiago de Compostela

Os montes foron e son un recurso fundamental tanto en termos económicos como ambientais. O seu carácter multifuncional converteunos en elementos chave para a supervivencia dos grupos humanos ao longo da historia. Neste sentido centraremos a nosa análise, aínda que tomaremos como marco de referencia unha cronoloxía máis limitada, concretamente analizaremos os séculos XIX e XX, facendo especial fincapé no período Franquista<sup>1</sup>.

Durante o século XIX e a primeira metade do XX, as características da economía galega eran as propias dunha rexión agrícola, de aí que as actividades forestais fosen relegadas a favor das agropecuarias. Porén, a maior parte da poboación rural recorría aos espazos de monte para a realización, de forma equilibrada e harmoniosa, de actividades agrícolas, gandeiras e forestais, así como para a realización de actividades de extracción mineira ou industriais. Actividades menores foron a cinexética, a extracción de leñas, resinas, a fabricación de útiles de madeira, a recolección de fungos e froitos silvestres e a práctica da apicultura, entre moitos outros usos complementarios á economía de subsistencia predominante neste período<sup>2</sup>.

Durante esta época, a man de obra do medio rural caracterizábase por ser moi abundante e pouco esixente no que a termos económicos se refire. Esta situación obedecía á falta de medios, o que levaba implícito a solidariedade e a coordinación entre os membros da comunidade. Ademais, o traballo tiña un carácter estacional, axustado ao tempo que as colleitas demandaban. Asimesmo debemos mencionar a notoriedade da división sexual do traballo, mediante a cal as mulleres e os nenos encargábanse daquelas tarefas consideradas menos pesadas, tales coma o pastoreo, a recolección de froitos, leñas, etc. e os homes adicábanse á recollida de *toxos*, á mineiría e á artesanía da madeira e da pedra, entre outras.

Ben avanzado o século XIX, grazas á demanda procedente dos continxentes na Primeira Guerra Mundial e á incipiente revolución industrial focalizada na actividade pesqueiro-conserveira e, xeográficamente, nas provincias de Pontevedra e A Coruña, Galicia convértese na primeira rexión productora de madeira e derivados;

---

<sup>1</sup> A explotación dos recursos forestais está íntimamente vencellada co desenvolvemento do emprego. Centrados no contexto histórico que estamos analizando, entendemos emprego non coma unha actividade monetariamente remunerada senón coma a ocupación da xornada laboral co fin de acadar os recursos que permiten o supervivencia. De ahí que neste texto nos limitemos a realizar unha somera análise dos usos dos espazos a monte e da súa capacidade tanto directa como indirecta para xerar emprego.

<sup>2</sup> BALBOA LÓPEZ, X.L.: *O monte en Galicia*, Vigo, Xerais, 1990; BOHUIER, A.: *Ensaio xeográfico de análise e interpretación cun vello complexo agrario*, Xunta de Galicia, 2001; RICO BOQUETE, E.: *Galicia Producción e explotación do monte en Galicia no século XX*, Tese de Doutoramento, Santiago de Compostela, 1994.

comeza así a transformación do monte adicado á agricultura e á gandeiría predominantemente, á produción forestal.

Este proceso culmina durante o Franquismo, cando o Patrimonio Forestal do Estado (PFE) usurpa os montes veciñais e incentiva as actuacións privadas co fin de que estes sexan repoboados masivamente con especies de crecemento rápido, convertendo deste xeito a Galicia, na reserva forestal do Estado, o cal responde ao ideal autárquico que promove o Réxime ata 1959<sup>3</sup>. Este cambio de funcionalidade supón a proliferación de iniciativas empresariais vencelladas ao negocio da madeira, tales como as industrias de taboeiros, aglomerados ou a celulósica, tal é o caso das industrias de aserrío TAFISA, creada en 1958, e TRADEMA FINSA, creada en 1931 na localidade de Padrón e ampliada, en 1965, ao sector do aglomerado e xeográficamente a Santiago de Compostela, no ano 1971. Entre ditas iniciativas é destacable pola súa importancia e pola controversia da súa instalación a factoría ENCE, establecida en Pontevedra no ano 1957<sup>4</sup>.

Como resultado da precariedade existente no campo tras a intervención do PFE, a poboación opta por instalarse naqueles lugares onde existía unha maior concentración industrial e porén un maior número postos de traballo, o que provoca un notorio proceso de éxodo rural e o inicio dun importante proceso migratorio ás zonas máis desenvolvidas da Europa Occidental. O propio Dictador reconece, aínda que non intencionadamente, as negativas consecuencias dos seus actos, pois o seu obxectivo non era outro que facer que parecesen un beneficio para a sociedade na súa totalidade:

*“Tenemos que repoblar nuestros montes en esta etapa en que hay brazos, porque quizá dentro de diez o quince años no tengamos brazos disponibles para ello, pues de otra forma los costes económicos de la misma serían excesivos. Y tenemos que repoblar porque la celulosa de madera es la base de nuestra producción y que no se dé el caso*

---

<sup>3</sup> O sector forestal galego comeza o século sentíndose protagonista do desenvolvemento rural e presenta un notable dinamismo, como puidemos observar dito sector, en épocas pasadas, non se diferencia da actividade agraria en sí. De ahí que os únicos datos numéricos que posuímos sexan os do emprego xerado pola actividade agraria na que se incorpora a forestal. Así pois é notable o descenso da adicación a esta labor. Durante 1955, o 62,8% da poboación adicábase á agricultura e, no 1975, ocupábase neste quefacer o 46,8 % da poboación, reducíndose na actualidade a un 16,1%. FERNÁNDEZ, G.: “Economía agraria gallega. Hoy es futuro”, Madrid, F.G. Estudios Económicos y Sociales, *Revista Expansión*, 2000, pp.142-143. Fonte: Renta Nacional de España y su distribución provincial, BBV, 1998.

<sup>4</sup> En Galicia, tentaron establecerse industrias celulósicas nos lugares de Fazouro, Ponteceso, Negreira, Dodro, Quiroga, Lourizán e As Neves, nembargante só se puido establecer en Pontevedra a pesar da oposición de grande parte da poboación local: *El lunes, día 9, proceden a balizar y a la una y media las mujeres ya habían eliminado todo rastro de balizas, todo ello aderezado con los correspondientes insultos a las mismas autoridades y fuerza pública y amenazas al personal de la empresa.... a la una de la tarde el día 10 y en número de 500, comenzaron su habitual protesta con la intención de derribar las balizas colocadas horas antes y defendidas por la Infantería de Marina. En el violento enfrentamiento llevaron la peor parte las mariscadoras, cinco de las cuales resultaron heridas, también sufrieron contusiones tres infantes. A partir de entonces, vencida y desarmada la oposición popular, el dragado se realizó sin sufrir más alteraciones”. Vid. RICO BOQUETE, E., *La creación de celulosas de Pontevedra y su influencia en el sector forestal de la provincia*, Madrid, 1997, p. 69.*

*doloroso de que lleguen a valer en España más la caja que encierra la naranja que su contenido en fruto*<sup>5</sup>.

Atendendo a isto podemos constatar que as condicións laborais nos espazos forestais, neste momento, eran verdadeiramente duras. Os salarios eran moi baixos, a xornada laboral non estaba prefixada e superaba en moito as oito horas establecidas, traballábase a reo, controlábase política e ideolóxicamente aos traballadores e ás súas familias e tampouco contaban con seguros de sanidade pública nin eran partícipes dos beneficios que sí posuían traballadores doutros ámbitos laborais. Ademais, había notables desigualdades entre os traballadores, así pois, foi usual a discriminación entre home e muller:

*“Se observa que hemos fijado un jornal más reducido para las siembras que para las plantaciones, debido a que en las primeras pueden tomar parte muchachos y mujeres por tratarse de un trabajo más sencillo y de poco esfuerzo*<sup>6</sup>.

Isto na realidade non era así, podemos constatalo nas declaracións feitas polo enxeñeiro de A Coruña durante 1942, o cal reconece implícitamente que os traballos non eran tan sinxelos e lixeiros:

*“Hoy con cestas en la cabeza, llevan mujeres planta a través del monte hasta 12 quilómetros*<sup>7</sup>.

En canto ao salario, nos anos corenta os traballadores do espazo forestal percibían cinco pesetas por día traballado, mentras que os capataces eran remunerados con seis e as mulleres con catro<sup>8</sup>. Nos anos cincuenta e sesenta produciuse un escaso aumento da remuneración, seguíase a clasificación feita nos anos precedentes: capataz, peón e muller<sup>9</sup>, percibindo cada un deles haberes diarios de 17,10, 14,66 e 9,77 pesetas respetivamente<sup>10</sup>. Así o corroboran dúas das traballadoras:

*“Saíamos as cinco da maña da casa, cas aixadas ó lombo e as cestas na cabeza, os rapaces nas mans ou nas cestas, se non tiñamos a quen deixarllos, botabamos alí todo o día hasta as nove ou dez da noite, tampouco nos faltaba o pan e o touciño, de vez en cando, uns*

---

<sup>5</sup> FRANCO, F.: Pensamiento económico. Madrid, Centro de Estudios Sindicales, Organización Sindical de FET y de las JONS, 1958, p.122.

<sup>6</sup> Arquivo DGCONA, sección Repoboación. Coruña, Carpeta Asuntos Varios.

<sup>7</sup> Arquivo DGCONA, sección Repoboación. Coruña, Carpeta Asuntos Varios.

<sup>8</sup> *Contas de gastos e inversións, 1940*. AGA, sección de Agricultura, C<sup>a</sup> 9577. Para máis información ver (RICO BOQUETE, 2002:1119).

<sup>9</sup> Son moitos os documentos que consideran á muller como medio peón con todo o que isto implica, menor consideración e menor salario.

<sup>10</sup> *Expedientes de obras en montes de utilidad pública. Distrito Forestal de Pontevedra, 1950*. AGA, sección de Agricultura, c<sup>a</sup> 3377. Os salarios oscilaban entre as 14'48 pesetas que cobraban os traballadores eventuais de Lugo e as 19'90 que percibían os de A Coruña. Véxase tamén DOMÍNGUEZ CASTRO, L.: "Sindicalismo vertical y cooperativismo: los orígenes del cooperativismo vitícola en Ribeiro (Ourense), 1952-1967", *Actas del IV Encuentro de Investigadores del Franquismo*, 1999, pp. 326-332.

*chourizos e o viño que levabamos algunhas, había que alegrar o día (risas), auga había alí de sobra, moitas molladuras temos pillado”*

*“No monte traballabamos arreo, nos levabamos as plantas na cesta, na cabeza, dun lado pro outro e cavabamos arreo, metiamos os pinos no rego, antes eran pinos non arcolitos coma aghora, e eran os homes os que facían os ocos e metían a planta, ademais dos que traballaban cos aparellos, cas maquinas, muller, o trator, que máis non había”*

*“Nós eramos coma burras de carga, faciamos tanto coma eles e cobrabamos menos, era unha miseria pero non tiñamos outra cousa, dous pesos”<sup>11</sup>*

Todo isto tiña unha razón, seguir mantendo á muller coma alma do fogar, da familia, vendo no traballo extradoméstico un complemento á economía doméstica, de ahí que se chegase a establecer lexislativamente a disparidade salarial atendendo ao sexo do traballador, pois ante todo predominaba o mantemento da ideoloxía fascista cuio cometido non era outro que o control social, evitando deste xeito ser cuestionado<sup>12</sup>. Aínda así o Réxime non foi quen de impedir a introducción da muller no mercado laboral, debido tanto á actitude destas coma a falta de man de obra resultado dos procesos migratorios e de éxodo rural. Por esta razón, no ano 1955 o enxeñeiro do Patrimonio, en Lugo, viuse obrigado a solicitar que un destacamento penal composto por 40 presos participase nas labores de repoboación dos montes do Courel (Quiroga)<sup>13</sup>.

Tras este somero repaso pola evolución das condicións laborais vixentes durante o Franquismo retomárase a análise da evolución das capacidades do monte como xerador de riqueza e emprego. Neste senso e centrados na mesma época debemos mencionar que os espazos a monte foron relevantes para o establecemento de infraestruturas encargadas de xerar enerxía, tal é o caso das centrais hidráulicas ou, posteriormente, xa a finais do século XX, infraestruturas de enerxía eólica.

Tamén a finais do século XX, irá tomando forma unha nova vertente no uso do monte, a relacionada co ámbito público, é dicir, coas actividades de ocio, o que á súa vez implica a creación de novas oportunidades para a xeración de emprego e riqueza. Ademais isto provocará unha toma de conciencia sobre a importancia ambiental dos espazos forestais e levará á implantación de determinadas políticas protectoras deste, de maneira que grande parte dos nosos montes adquiriron a

---

<sup>11</sup> Entrevista a IGN (Xesteda, Cerceda, A Coruña).

<sup>12</sup> Sobre a lexislación con respecto ao traballo feminino: VALIENTE FERNÁNDEZ, Celia: “Las políticas para las mujeres trabajadoras durante el franquismo”, en *Mujeres y hombres en la España franquista*, pp. 145-178.

<sup>13</sup> Isto xa se realizara durante a Guerra Civil noutra das provincias galegas, concretamente Pontevedra, tal como reflecten os informes do Distrito Forestal desta provincia. Pontevedra, *Cuentas de gastos e inversiones, 1937*. AGA, sección de Agricultura, C<sup>a</sup> 9577. “Ya sabemos que a apertura de las rejas no siempre era beneficioso para los presos” (MIR CURCÓ, C.: Vivir es sobrevivir. Justicia, orden y marginación en la Cataluña rural de postguerra. Lleida, Milenio, 2000). Véase también Rodríguez Teijeiro (RODRÍGUEZ TEIJEIRO, D.: “Explotación de la mano de obra penal en la posguerra civil. El destacamento penal de Minas de Casayo. Ourense, 1942-1944”. Actas del IV Encuentro de Investigadores del Franquismo, 1999, pp. 549-555).

categoría de reservas, parques ou paraxes naturais. De aí que tal como argumenta Pérez Vilariño se converta nun "valor socialmente vixiado"<sup>14</sup>.

Ante esta puxanza das actividades de ocio e o turismo, o anterior protagonismo económico foi perdendo peso aínda que de xeito relativo, pois o sector de primeira e segunda transformación e o sector servizos está composto por un total de 3576 empresas que dan traballo, aproximadamente, a 26000 persoas.

#### CADRO 1: INDUSTRIA DE PRIMEIRA TRANSFORMACIÓN. SERRERÍAS

Nº DE TRABALLADORES	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA	%
1--5	147	70	54	74	34	49
6--10	65	25	33	52	175	25
11--19	35	17	17	38	107	15
20-40	18	10	1	11	40	6
41-70	5	1		2	8	1
70	2			1	3	
Sen datos	17	3	3	2	25	4
TOTAL	289	126	108	180	703	100

FONTE: Elaboración propia a partir de ROMERO GARCÍA, A. "El sector forestal en Galicia" en Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, Xunta de Galicia e Unión de Selvicultores de Europa del Sur (USSE), 1992, pp.113-131.

#### CADRO 2: INDUSTRIA DE SEGUNDA TRANSFORMACIÓN


INDUSTRIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	GALICIA
Taboeiros partículas	3	2	1	1	7
Tabloeiros fibras	1			2	3
Taboeiros MDF	2			1	3
Fábrica Celulosa				1	1
Fábrica Papel	1				1
Astilladoras	5			3	8
Fábricas Desenrolo	2			6	8
TOTAL	14	2	1	14	31

FONTE: Elaboración propia a partir de ROMERO GARCÍA, A. "El sector forestal en Galicia" en Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, Xunta de Galicia e Unión de Selvicultores de Europa del Sur (USSE), 1992, pp.113-131.

<sup>14</sup> PEREZ VILARIÑO, J., "Demandas sociais y organización del sector forestal" en MARÍN PAGEO, F.; DOMINGO SANTOS, J., CALZADO CARRETERO, A. (eds) (1999): *Los montes y su historia. Una perspectiva política, económica y social*, Universidad de Huelva, Huelva, p.187.

Para concluír débese mencionar que a pesar da deterioro que supuxeron as repoboacións realizadas durante o Franquismo, tanto en termos ambientais como sociais, na actualidade, non avogamos pola súa eliminiación senón pola súa compatibilización con outros usos do terreo forestal, que viñeran efectuándose ao longo da historia.

**CADRO 3: ACTIVIDADES PRODUCTIVAS NO MONTE AO LONGO DOS SÉCULOS XIX, XX E XXI**



En resumo, un uso integral do monte, xunto cunha planificación axeitada do mercado e a industrialización dos produtos forestais, pode rendibilizar os espazos de monte e crear unha cantidade interesante de postos laborais que contribuirán á fixación de poboación no rural, sempre e cando isto non implique o deterioro natural dos chans

# O EMPREGO DO MONTE NO PRESENTE

M<sup>a</sup> Mar Pérez Fra

Dpto. Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela

O objectivo deste trabalho é aportar algunhas reflexons sobre a situación dos montes vizinhos no momento actual. E tenho que comezar destacando a dificuldade desta empresa. É difícil ofrecer elementos inovadores dada a escassa información disponível.

E isto é já em si mesmo um feito chamativo. Porque deveria de surpreender-nos que a pesar da grande relevância que para Galiza têm estas superfícies o número de estudos dedicados às mesmas seja tam escasso.

De feito, se buscamos os trabalhos publicados ao redor desta temática achamos basicamente estudos de caso nos que se analisa a situación de determinados montes. Na sua maior parte som trabalhos que têm unha componente basicamente descritiva e que, pelo tanto, nom aportam muita información sobre as causas que explicam o estado deste recurso. Tanto é assim, que só podemos citar um estudo realizado desde unha perspectiva global, é o realizado polo IDEGA (USC) a través do Grupo de Estudos da Propriedade Comunal (Grupo dos Comúns 2006). Este interessante trabalho constitui unha achega importante à questom que nos ocupa, mas é um estudo feito a principios da década do 2000 e que pelo tanto começa a precisar de certa actualización.

Umha vez posto de relevo o escasso interesse que os MVMC suscitam tanto nas distintas Administracións como nas instâncias responsáveis da investigación em Galiza, começarei a minha descrição da situación actual dos montes ressaltando umha questom mui obvia: a grande relevância deste recurso.

Para dar umha idéia da sua transcendência baste indicar que de acordo com os dados que proporciona a Consellería de Medio Rural havia no ano 2008 3.275 montes declarados, que ocupam umha superficie de 676.558 has, o 22,9% da superficie total de Galiza. Na taboa 1 podemos ver os resultados doutra rácio interessante: a superficie/habitante, que, de novo, incide na relevância deste recurso. É realmente chamativo, por exemplo, que na província de Ourense a superficie por habitante se aproxime a umha hectárea. Se descendermos ao plano local achamos concellos onde a presenza destas superfícies é abrumadora (Taboas 2 e 3).



**Taboa 1**

2008	Nº montes	Superficie (Has)	Superficie/superficie total	Superficie/habitantes
A Coruña	284	47.085	5,92	0,04
Lugo	949	210.750	21,38	0,60
Ourense	1.276	285.367	39,24	0,85
Pontevedra	766	133.355	29,67	0,14
Galiza	3.275	676.558	22,88	0,24

Fonte: Consellería de Medio Rural e Padrón Municipal de Habitantes 2008 (IGE)

**Taboa 2**

CONCELHOS COAS MAIORES RÁCIOS SUP./HAB.		CONCELHOS COAS MAIORES RÁCIOS SUP. /SUP. TOTAL	
Navia de Suarna	11,26	Lobios	77,41
Negueira de Muñiz	17,00	Castrelo do Val	72,95
Veiga, A	14,41	Oia	78,19
Vilariño de Conso	16,27	Fornelos de Montes	76,95

Fonte: Consellería de Medio Rural e Padrón Municipal de Habitantes 2008 (IGE)

As cifras anteriores nom aportam nada novo, a importancia das superficies de MVMC é bem conhecida. O chamativo é que também é conhecido que este activo tem um nível de uso real que está mui por debaixo das suas potencialidades, situando-se em muitos casos em situação de abandono ou clara subutilização.

Desgraçadamente, nom existe em Galiza nengum estudo que analise a potencialidade produtiva e o estado de uso dos montes galegos. No trabalho anteriormente citado do Grupo dos Comuns (2006), em base a umha análise de três zonas seleccionadas como representativas, demonstra-se como a pesar de que os MVMC ocupam terras de pior qualidade média que o conjunto da comarca na que se integram, há umha enorme margem para usos mais intensivos.

Estamos pois frente a um interessante paradoxo: dispomos dum recurso de enormes potencialidades económicas em estado de subexploração ao tempo que umha parte significativa das áreas rurais galegas están sumidas num intenso processo de deterioro económico e demográfico. Dito processo explica-se em parte pola ausência de alternativas económicas a umha agricultura que nom é capaz de oferecer umha alternativa económica atractiva à população (López Iglesias y Pérez Fra, 2004).

Mas a importancia destas superficies nom se limita a estas cifra de por si tam evidentes. A significação dos MVMC como suporte básico para os processos de desenvolvimento de moitas das comarcas rurais galegas é indubidável. Estas superficies ofrecen um marco plural e flexível para a posta em marcha dum amplo abano de actuações tanto no âmbito ganadeiro, como florestal, ambiental e/ou turístico. Som quatro os aspectos nos que sustento esta afirmação:

1. Na sua grande extensão territorial, unida a uma elevada dimensão média (206,6 has) e a uma reduzida parcelação. Isto cobra um especial interesse num país como o nosso no que a escassa base territorial para as explorações agrárias é um factor limitante para os seus resultados. (Sineiro et al., 2004).
2. Na situação de subexploração e abandono na que estão uma parte importante dos montes, feito que outorga uma grande margem para a posta em marcha dum uso mais intenso dos mesmos.
3. Na grande diversidade que apresentam em quanto a aptidão produtiva. Os montes oferecem-nos diversas possibilidades de aproveitamentos: florestais, ganadeiros, agrícolas, energéticos, etc.
4. No carácter comunal que é em si mesmo um importantíssimo valor, já que facilita que a sua posta em produção constitua uma oportunidade de reforçamento do tecido social.
5. Por último, poucas superfícies reúnem um potencial tão elevado à hora de aportar valores ambientais. Dada a realidade fundiária galega, som as únicas propriedades que podem oferecer determinados tipos de serviços ambientais que requerem dumha dimensão mínima. A própria figura dos montes (inembargáveis, imprescritíveis e indivisíveis) ajusta-se bem a uma lógica conservacionista.

Acabo de citar cinco elementos que insistem de novo na importância destas superfícies, mais também aponte que em termos globais o uso produtivo dos MVMC está mui longe da sua potencialidade real. Em boa parte das comarcas galegas o comunal ainda não se tem “reinventado” (Ortega, 2010). Ao longo do século XX as áreas rurais foram cambiando, desapareceu o sistema de produção agrícola tradicional e com ele a lógica produtiva do monte. É indudável que o valor do monte comunal ligado aos usos sócio-ambientais históricos tem desaparecido.

E não devemos de ver isso como um problema, é o resultado lógico dumha série de processos de câmbio que se deram em toda Europa e que seguramente som inevitáveis. O problema é que os novos usos possíveis para estas superfícies som apenas incipientes. E o que é ainda mais grave na minha opinião, em muitos casos som as próprias comunidades as que não percebem que os MVMC sejam uma fonte de valor. É mais, há um elevado grau de desinteresse pelos mesmos.

Estamos ante o que alguns autores denominam montes em transição: espaços nos que o abandono dos velhos usos produtivos não foi substituído por novos usos. Deste jeito é fácil atopar comunidades nas que imperam o abandono e os usos florestais pouco rentáveis devido à ausência de gestão florestal.

Temos pois amplas zonas rurais que a pesar de dispor de importantes valores produtivos, ambientais e culturais estão longe de iniciar um processo de recuperação e revitalização que lhes permita superar a situação de crise na que estão sumidas desde os anos 60. E quando digo crise refiro-me a crise com maiúsculas: abandono demográfico, ausência de qualquer alternativa económica e social, perda de património, etc.

A pergunta a responder agora é por quê? Quais som os factores que estão impedindo o aproveitamento deste factor produtivo? Temos em Galiza muitos rurais,

cada um deles com situações mui diferentes no plano económico e no social, e pelo tanto é obvio que nom existe um único elemento explicativo. Tampouco é a minha intenção oferecer aqui umha completa explicação a esta questão, mais si tratarei de apontar alguns elementos que considero relevantes:

1. Um primeiro elemento explicativo vem da mão do que eu considero o principal problema do rural galego, pelo menos em boa parte das províncias de Lugo e Ourense: a sua reduzida base demográfica. Temos um rural envelhecido e que perde população ano a ano, até tal ponto que muitos concelhos estão já numha situação limite, as pessoas som agora o factor escasso. As consequências disto som bem conhecidas, mas quero destacar umha delas: umha dinâmica demográfica negativa tem um grande impacto sobre as formas de organização social, e polo tanto também sobre as Comunidades de Montes. O despovoamento afecta por força aos modelos de gestão e uso. A escassez de agentes com capacidade para explorar os montes impossibilita ou dificulta que existam comunidades activas.
2. A actuação estatal sobre os montes, que derivou a partir dos anos 40-50 num processo de despossessão dos vizinhos. Este feito histórico continua deixando a sua impronta no momento actual. Além do índice de envelhecimento e o declive populacional cabe sinalar um patrom de actuação que afunde as suas raízes no processo de repovoação florestal imposto no regime de Franco. Este, ao negar o acesso aos vizinhos das zonas repovoadas provocou umha desvinculação entre aqueles e o monte que persiste na actualidade. E ainda diria mais: é como sinalam distintos autores o principal responsável da identificação do comunal como um espaço “só para pinheiros”. A dia de hoje é fácil encontrar comuneiros que têm um elevado grau de desinteresse por estas superfícies que nom percebem como suas.
3. Por outra parte, as zonas rurais já nom som só espaços agrários. Na medida em que novas formas de uso das zonas rurais (inovadoras ou reactualizadas) se estendem também aparece a conflitividade social. Ambas som muitas vezes a cara e a cruz da mesma moeda (Jakubowsky-Tiessen, 2007). A diversificação, os usos residenciais, os novos usos ambientais e de lazer podem ser um factor de desenvolvimento, mas em ocasiões também umha nova fonte de dificuldades para a posta em valor destas superfícies.

Que passos temos que dar para superar esta situação?, como conseguir que os MVMC superem essa fase de recurso potencial e passem a constituir umha achega importante ao desenvolvimento das áreas rurais galegas?. Desejo que esta jornada contribua a responder a estas perguntas. Eu lamentavelmente nom tenho dumha resposta concreta, mais si creio que o futuro destas superfícies passa por umha parte por reconhecer o seu papel multifuncional (que por outra parte sempre tiveram), por adaptar os novos usos as exigências da sociedade, por realizar umha adequada ordenação de usos que limite as acções derivadas unicamente dumha visom a curto prazo, por incrementar o nível de consciência de proprietário dos comuneiros e, por último, do papel que a administração decida jogar no futuro, tanto no que se refere a posta em marcha de linhas de apoio a estas superfícies como do cumprimento do seu papel subsidiário.

## **Bibliografía**

- Grupo dos Comúns (2006): *Os montes veciñais en man común*, Vigo, Ed. Xerais.
- Jakubowski-Tiessen, M. (2007): “Dictadura ecológica? ¡No gracias!”. La disputa por el “Parque Nacional de la Marisma de Schleswig-Holstein”, en Allemeyer, M.L. et al. (ed.), *De la conservación a la Ecología. Estudios históricos sobre el uso de los recursos naturales y la sostenibilidad*, Essen, Kartext.
- López Iglesias, E.; Pérez Fra, M. (2004): “Axuste agrario e despoboamento rural”, *Grial*, 162, pp. 36-43.
- Ortega Santos , A. (2010): “Bienes comunales a estudio: sustentabilidad y gobernanza en el nuevo milenio”, *Seminario anual de la SEHA* (Sociedad Española de Historia Agraria).
- Sineiro, F.; López Iglesias, E.; Lorenzana, R.; Valdés, B., (2004): “La tipología de las explotaciones en función de su viabilidad económica y demográfica; aplicaciones a las explotaciones de bovino en Galicia”, *Economía agraria y recursos naturales*, 4 (8), pp. 63-85.

# DEFENSA DA TERRA E XERACIÓN DE EMPREGO. O EQUILIBRIO NECESARIO

Xabier Bruña García  
Vogal de Medio Rural de ADEGA



*O monte é algo máis que un conxunto de árbores e polo tanto temos que descubri-lo, nestes momentos de crise, desde outras olladas. En moitos casos é un libro aberto que perdeu parte da súa grafía, pero que unindo os seus anacos é posible ler o seu contido e ofrecer alternativas ante a crise.*

## A situación de partida

A nosa tradición, cultura e historia está fortemente impregnada e enmarcada no monte, sendo a peza clave para entender a situación actual de moitos lugares. As distintas civilizacións que pasaron polas nosas terras tiveron nos montes e montañas a cuberta necesaria para desenvolverse adecuadamente. A cultura megalítica, a cultura castrexa, a cultura romana, a cultura do medievo; integraron o monte no seu acervo e na súa actividade cotiá.

O mapa non é o territorio, xa que non hai unha foto fixa permanente da paisaxe. Todo evoluciona, cambia e muda de aspecto e non se pode entender o que somos sen antes ver os pasos que demos para chegar aquí. Nos nosos montes atópanse innumerables capítulos da nosa historia, e tan só é precisa unha ollada sosegada para acadar o grado de comprensión do presente.

Desde a perspectiva agroecolóxica propoñemos unha nova definición de monte: *“monte é un todo natural, ambiental, social, económico, rural e cultural que relaciona factores físicos e socioculturais. Polo tanto é un sistema complexo con interaccións de distintas realidades tanto físicas (climatolóxicas, xeográficas, atmosféricas, etc. . .) como sociais (uso do solo, xestión do territorio, propiedade, costumes, etc. . .)”*.

Monte, agro, gando e persoas formaron durante milleiros de anos un mesmo sistema no noso territorio. As relacións e dependencias eran mútuas, manténdose un equilibrio consensuado co tempo, baseado no repeto e aproveitamento das características locais de cada zona. É a partir dos anos corenta do século pasado, cando esta situación de equilibrio entre persoas-agro-monte-gando comeza a romperse debido principalmente a:

- **Plans de repoboación masiva**, atendendo as directrices do Plan Forestal Español que pretendía repoboar todas as zonas despoboadas de vexetación

arbórea con piñeiros e eucaliptos para a produción de madeira destinada á trituración.

- Iníciase o **paso dunha agricultura tradicional a unha agricultura industrial-productivista** (dando os grandes pasos na década dos sesenta), que obriga os labregos/as a adaptarse a sistemas de cultivo alleos.
- **Estabulación do gando** como consecuencia da actividade repoboadora e da transformación da agricultura e zonificación da produción agrícola con concentracións parcelarias para a especialización de uns poucos produtos (patacas e viño fundamentalmente)
- **Despoboamento do medio rural**, como resultado da emigración dos seus habitantes.

As consecuencias de todo isto dan lugar á rotura do sistema, independizándose cada unha das partes, que pasarán a ser sectores económicos diferenciados (cando con anterioridade constituían unha mesma unidade). Trae consigo a especialización de traballos, sen ter en conta os coñecementos e a cultura tradicional agroforestal, importando sistemas económicos e de aproveitamento alleos (e polo tanto non adaptados ás características locais).

### **A necesidade da valorización fronte a crise**

A multifuncionalidade do monte galego constitúe unha fonte inesgotábel de recursos económicos, ambientais, sociais e culturais. Subministra materias primas renovábeis e respectuosas co medio ambiente e desempeña un papel imprescindible no desenvolvemento económico, no emprego e na prosperidade do noso país, especialmente no medio rural. Polo tanto, nestes tempos de crise, a valorización do monte é necesaria máis que nunca, introducindo no aproveitamento e na xestión, os factores ambientais e sociais que xeren un maior beneficio neto dos recursos naturais.

O uso monofuncional do monte para o aproveitamento madeireiro, baseado na plantación forestal con especies de crecemento rápido en quendas cortas, non é unha alternativa económica, ecolóxica nin socialmente viable para a maior parte das amplas e variadas extensións de monte en Galiza. A xestión integral e o manexo do monte asentado na súa multifuncionalidade ofrece múltiples posibilidades para o desenvolvemento do medio rural, garantizando ademais a conservación de especies e procesos claves para os ecosistemas.

O monte, fonte de riqueza e futuro do noso territorio. Con esta premisa, integrar pasado, presente e futuro é posible; e ademais a súa suma é sensiblemente superior ás partes illadas. Temos, e cada día máis, que traballar en conxunto, de forma transversal, integrando nas distintas actuacións as sensibilidades dos distintos colectivos e institucións. Tócanos a técnicos/as, educadores/as, arqueólogos/as e historiadores/as traballar de forma conxunta e integral para sacar adiante proxectos co nexos de unión no monte.

Conservar o monte equivale a manter a riqueza, que supón a base do futuro escrita en presente. Deberase buscar a eficiencia fronte ao crecemento; o valor engadido e a diversificación dos produtos finais; e a terciarización do sector primario

que converta os servizos xerados polos recursos naturais en bens de mercado. Neste proceso será fundamental a actuación administrativa que configure un sistema de redistribución da riqueza, creando canles que produzan intercambios de riqueza económica (xerada nas zonas urbanas) e riqueza ambiental (xerada nas zonas urbanas).

Desta forma os beneficios ambientais e sociais xerados no mundo rural, postos a disposición de toda a sociedade, terían unha compensación económica que permitira mellorar a calidade de vida das poboacións locais e frear así o forte despoboamento ao que se ven sometidos e os problemas ambientais asociados (incendios, perda de biodiversidade, . . .).

Podemos afirmar, que o futuro do sector do monte en Galiza é prometedor, sempre e cando saiba adaptarse aos novos criterios e obxectivos que a sociedade demanda. Isto leva consigo resolver parte dos problemas que a xeito de lastres acompañan ao sector (abandono da terra, baixa ou nula xestión, lumes, baixa autoestima, estrutura da propiedade, . . .), diversificar a gama de produtos e ofrecer novos servizos ligados a un desenvolvemento sustentábel fundamentado en: *permanencia nos asentamentos, recuperación de valores e recursos endóxenos, xeración dun maior valor engadido dos produtos; e en global mellora da calidade de vida das poboacións rurais.*

### **As aportacións para un monte sustentable desde o ámbito social**

A ollada que os distintos colectivos sociais (ecoloxistas, asociacións de consumo responsable, asociacións de propietarios, comunidades de montes veciñais en man común. . .) están a facer sobre o monte desde a perspectiva da defensa da terra, está a permitir mudar moitas das actuacións especulativas existentes sobre o noso territorio. Cremos que é posible xerar actividade de forma continua sen esquilmar os recursos naturais e, desde Adegas, consideramos o monte e o rural como un pilar básico do noso territorio e a súa defensa pasa pola aposta por un monte sustentable.

Cando o meu avó plantaba comigo os castiñeiros no souto dicíame: *estamos a pór o futuro dos teus fillos/as*. Con esta frase, agóchase un pensamento que agora etiquetamos como de sustentabilidade, mais que no noso rural e na nosa historia recente estivo sempre moi presente. Ata fai poucas décadas as actuacións no monte e no agro tiñan unha proxección a medio-longo prazo e perseguían a continuidade das actividades de forma colectiva.

Cada vez máis, nun mundo globalizado, faise necesaria a agrupación das persoas para facer cousas en común e reivindicar a importancia do local e da terra. Polo tanto, o noso rural precisa cada vez máis da implicación de todos e todas para a consecución dos novos retos. Neste sentido Adegas leva varias décadas aportando en positivo accións en defensa dos nosos montes: *voluntariado do monte, vogalía de montes, campaña en defensa das fragas, campaña ponte no medio, varios cadernos e seccións da Cerna adicados ao monte, xornadas e publicacións científicas . . .*

## A modo de conclusión activa

Sumidos na cultura do rápido, do inmediato e sen esforzo, é difícil chegar a cuestionarse o que temos; polo que debemos evitar vivir a costas do monte e reencontrarnos co enorme tesouro que contén. Temos posibilidade de cambiar as cousas e debemos actuar na nosa contorna para sementar a ilusión do presente que nos de a esperanza do futuro, coñecedores do noso pasado.

O primeiro que temos que saber é que coma consumidores/as temos a chave da silenciosa revolución económica: cando merquemos produtos para a nosa vida cotiá elixamos aqueles que procedan do monte e preferentemente os que sexan do noso monte (madeira, castañas, cogumelos, meles, carnes . . .). Como persoas temos a capacidade de elixir e ao elixir podemos favorecer positivamente aquilo que nos interese potenciar, apostando pola nosa contorna.

Xa para rematar, venme á mente a cita do reverendo Martin Niemöler (supervivente do Holocausto), que nos fala da necesidade de actuar antes de que non haxa ninguén que actúe por nós: *“Primeiro arrestaron aos comunistas – pero eu non era comunista, así que non fixen nada. Máis tarde viñeron polos social demócratas – pero eu non era social demócrata, así que non fixen nada. Despois arrestaron aos sindicalistas – e non fixen nada porque eu non era un deles. E logo viñeron a polos xudeus e despois polos católicos, pero eu non era nin xudeu nin católico e por iso non fixen nada. Finalmente viñeron a por min e arrestáronme – e xa non quedaba ninguén para que puidera facer algo ao respecto”*. Oxalá non sexa demasiado tarde para actuar a prol do noso territorio e salvagardar o que aínda nos queda.

O noso territorio, merece que lle dediquemos un par de minutos de atención, e nos preguntemos pola causa da súa situación actual. Despois poderemos seguir facendo o que queiramos . . . ou o que nos deixen facer; pero recordade que cambiar as cousas tamén está na nosa man. Se descoñecemos o que temos próximo, será moi difícil chegar a estímalo; e así moi doado deixar de preocuparse por el.



Achegémonos ao monte para escoitalo, sentilo, vivilo; e sobre todo para saber o que temos: *un monte do que se pode vivir, convivir e gozar*. Agardemos que non teñamos que perdelo para comezar a valoralo.

En resumo a aposta polo noso monte é unha aposta polo medio, e en definitiva pola vertebración social e territorial do noso país. Neste momento de especulación e degradación, actuemos e movámonos a prol do noso territorio para acadar un medio vivo e con futuro.



# VALORIZACIÓN SOSTIBLE DO MONTE VECIÑAL


Xosé Manuel Yglesias Espiño  
C.M.V.M.C. “De Carballo” (Friol)

A C.M.V.M.C. “De Carballo” puxo de relevo o seu potencial e decidiu tomar as rendas da xestión para levar a cabo unha serie de iniciativas na base territorial do Monte Veciñal coa finalidade de valorizar a súa produción forestal e potenciar outros recursos. O primeiro paso que deu a comunidade foi a rescisión do convenio coa administración para a xestión de 457 ha. de superficie arborada o cal facilitou elaborar un programa de inversión, tomando como base o a planificación do *proxecto de ordenación da masa forestal*, destinando parte dos recursos económicos a melloras na propia masa forestal (podas, clareos, rozas) e arranxo de camiños, e parte ó desenrolo de novos proxectos.

Dentro das iniciativas plantexadas cabe destacar o *Proxecto Silvopastoral con Cabalo de Pura Raza Galega*; para pastorear o gando nunha superficie de actuación de 270 ha, baixo masas arboradas das especies *Pinus radiata*, *Pinus pinaster* e *Pinus sylvestris*, localizase na zona do monte coñecida co nome de “*Corno do Boi*” na cal anos atrás, existían numerosos cabezas de gando pastando en liberdade, e que se foron perdendo debido aos cambios no sistema de produción gandeira no medio rural.

Co silvopastoreo, entendido como un método de xestión sustentable da terra no cal se busca a integración entre a produción madeireira (e doutros produtos forestais) e a cría de animais domésticos, no noso caso Cabalos Galegos pretendemos alcanzar os obxectivos fundamentais de: redución do combustible vexetal para mellora a transitabilidade do monte e reducir o risco de incendios, diversificación de produtos, compatibilizar o uso forestal e gandeiro, aumento da fertilidade do solo, contribuír a recuperación dunha raza en perigo de extinción e por último revalorizar estas zonas como uso público e turístico para o cal se celebra o evento da “*Rapa das Bestas*”. En definitiva tratase de mellorar factores biolóxicos, estéticos e paisaxísticos, concibidos como elementos xeradores de biodiversidade.

O Proxecto Silvopastoral desenrolouse en varias etapas, quedando dividida a zona de aproveitamento en tres *unidades de rotación silvopastoral* que posibilitan o control do gando e facilitan as distintas tarefas forestais programadas. Os investimentos e actuacións levados a cabo ata o momento enuméranse a continuación:



- Elaboración dun Plan de Xestión Silvopastoral.
- Instalación de cerramento con cancelas de paso nas pistas.
- Enerxizadores fotovoltaicos.
- Acondicionamento de pozos de auga como abrevadeiros.
- Construcción dun curro e manga de manexo.
- Adquisición de cabalos de pura raza galega.
- Elaboración dun plan de manexo zootécnico.

No referente o *uso social* promovéronse iniciativas que xeren ilusión coa finalidade de poñer en valor o rural galego, realizando un feixe de actividades dirixidas a reactivar a vida sociocultural da comunidade, parte das cales conteñen un fondo *divulgativo e de concienciación* acerca do posibilidades do noso monte. A modo de exemplo destacamos as seguintes:

- Ano 2008: **INAUGURACIÓN DO PROXECTO SILVOPASTORAL** na parroquia de Carballo coa finalidade de ensinar as cualidades do cabalo de monte galego. O programa consistiu en exhibición de doma e salto, xogos ecuestres e degustación de diversos pratos, elaborados por un prestixioso cociñeiro no que se exaltaron as propiedades gastronómicas máis descoñecidas da carne de cabalo.
- Agosto do 2008: **I TALLER DE INICIACIÓN Á CULTURA DO CABALO EN CARBALLO**, que tivo lugar no local sociocultural de Carballo e finca picadeiro anexa, para achegar ós rapaces do entorno ó mundo do cabalo.
- Ano 2008: Presentación dos cabalos en diferentes **CONCURSOS MORFOLÓXICOS** de eido local para dar a coñecer o proxecto silvopastoral.
- Ano 2008, 2009, 2010: edición **REVISTA “CARBALLO”**, como mostra das actividades e traballos anuais levadas a cabo pola nosa comunidade.
- Ano 2009: **CURSO DE FORMACIÓN EN TRABALLOS FORESTAIS** co obxectivo de formar unha cuadrilla para a realización de diversas tarefas no monte, dotándoa de coñecementos básicos en materia de riscos laborais.
- Ano 2009 e 2010: celebración da **RAPA DAS BESTAS DE CARBALLO**, non só consiste en reunir os cabalos do monte no curro e rapalos, senón que tamén se leva a cabo o *plan de manexo zootécnico* no que se marcan os animais con microchip e se desparasitan. Con todo, as imaxes que nos deixaron os aloitadores, tratando de someter aos animais bravos, fixeron que esta festa dera moito que falar; e na que só se usou a forza do home, sen emprego de cordas nin paos para reducir ás bestas; esto supón un éxito sen precedentes na comarca, na que se dan cita centos de cabaleiros e público en xeral, para desfrutar dun espectáculo único e singular, ademais pola tarde

acompañase de actividades lúdicas como carreiras de galope, exhibicións de andadura galega e xogos a cabalo.

- Anos 2008 e 2009 a comunidade colaborou coa **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN DOUS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN:**
  - Estudio da evolución do matogueira na explotación silvopastoral (USC-Departamento de Producción vexetal).
  - Estudio de Parasitos que afectan a vida normal do Cabalo de Monte. (USC-Facultade de Veterinaria).
- Na execución das repoboacións que se levan a cabo no monte en zonas cuxa especie principal son as coníferas estase a repoboar un mínimo dun 10% da superficie con especies de frondosas co obxectivo de aumentar a **diversidade biolóxica** e crear un entorno paisaxístico máis agradable.
- Por último mencionar que dende o ano 2007 a Comunidade de Carballo celebra a “**FESTA DO COMUNEIRO**”, que supón un encontro festivo e de celebración de tódolos veciños, na que se exaltan entre outras actividades os xogos populares, con ánimo de contribuír a recuperación do patrimonio lúdico galego un tanto esquecido.

Tamén cremos que a comunidade do monte veciñal poden ser o motor para a posta en marcha de iniciativas culturais e de apoio ás vellas tradicións, no noso caso cabe mencionar recentemente a recuperación da celebración do magosto e o carnaval.

A culminación de todas estas iniciativas lévanos a buscar un elemento diferenciador como é o de adquirir un selo de calidade para a madeira que sae do noso monte. A **Certificación Forestal F.S.C.** (*Forest Stewardship Council*) é a última iniciativa na que se esta a traballar, enfocado a garantir que o noso monte se xestiona de forma sostible e racional (boas prácticas). O monte veciñal de Carballo está incluído nun *Grupo de Xestión Forestal “DORSAL LUCENSE”*, no cal é necesario cumprir cunhas normas ou estándares preestablecidos fundamentados en demostrar que se leva a cabo unha xestión ambientalmente responsable, socialmente beneficiosa e economicamente viable.

Neste senso, un dos pasos dados pola comunidade foi a externalización da xestión forestal do monte veciñal, mediante a contratación de servizos profesionais a unha empresa especializada para a correcta execución das actuacións plantexadas no *Proxecto de Ordenación*; con esta medida preténdese executar con maior responsabilidade e celeridade as actuacións propostas en base a un *plan anual* elaborado a principios de cada ano.


A estratexia a seguir nos vindeiros anos pola comunidade centrarase en continuar traballando na **valorización integral**; buscando na execución dos diferentes traballos a participación activa da xente da parroquia coa finalidade de darlle dinamismo o entorno rural e favorecer a creación de emprego. En canto o aspecto social e recreativo, a celebración de eventos relacionados cos proxectos desenrolados, a divulgación nos medios de comunicación tanto na prensa como na televisión e a colocación de paneis didácticos, esperamos que poida xerar un cambio de mentalidade, facendo do rural unha opción de futuro.

# AS NOVAS VÍAS DE EMPREGO. O CASO DOS EÓLICOS

D. Copena Rodríguez e X. Simón Fernández  
Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía,  
Universidade de Vigo.  
[ecoecoagro@uvigo.es](mailto:ecoecoagro@uvigo.es)

## A enerxía eólica e o mundo rural en Galiza

Nos últimos 15 anos tense producido en Galiza un grande desenvolvemento da enerxía eólica coa instalación de múltiples parques eólicos nos cumios dos nosos montes. Dende o ano 1995, coa entrada en vigor do primeiro decreto<sup>15</sup> que regulaba o desenvolvemento da potencia eólica, ate a actualidade instaláronse en Galiza case 150 parques eólicos con máis de 4.000 aeroxeradores que representan unha potencia de perto de 3.300 MW. Como podemos observar no Gráfico 1 a produción de enerxía eléctrica mediante o aproveitamento da forza do vento pasou de ser algo case anecdótico a converterse nunha actividade de grande importancia no noso país nun período moi curto de tempo.




Fonte: Informe mensual de vendas do réxime especial. Comisión Nacional da Enerxía.

Os parques eólicos instálanse nos cumios dos montes que están localizados nun medio rural galego que conta con múltiples problemas. Un mundo rural que perde poboación de xeito continuado, no que o avellentamento é cada vez maior, no que as actividades agrarias tradicionais están a desaparecer e no que o emprego

<sup>15</sup> Decreto 205/95

ligado á agricultura continúa a caer como podemos contemplar no gráfico 2 e no cadro 1.



Fonte: Informe A Economía Galega. Fundación CaixaGalicia.

Cadro 1: Evolución do abandono nas entidades singulares galegas.

	% abandono sobre total entidades no 2000	% abandono sobre total entidades no 2009	Número de entidades abandonadas no 2009
Galiza	3,55	4,45	1.338
A Coruña	4,18	5,05	525
Lugo	4,24	5,86	573
Ourense	2,64	3,07	113
Pontevedra	1,97	2,03	127

Fonte: instituto Galego de Estatística

### O marco regulador

A lexislación que regula a enerxía eólica en Galiza está determinada tanto polo goberno español como pola Xunta de Galicia. Aquel conserva as potestades para establecer a natureza do sistema xurídico e o sistema de apoio económico ás empresas que produzan electricidade por medio de fontes renovábeis. A Xunta de Galicia, pola súa parte, ten competencias para a autorización administrativa dos parques eólicos establecendo, deste xeito, o sistema de acceso aos dereitos de produción e o reparto das cargas e dos beneficios. Trátase dun sector económico no que a intervención da Unión Europea non vai máis alá da fixación de obxectivos de potencia instalada e produción nun período de tempo determinado.

No caso galego a asignación de dereitos para a explotación do potencial eólico das

terras aptas dos parques eólicos que se atopan en funcionamento na actualidade produciuse basicamente a través da planificación privada de investimentos futuros mediante os denominados Plans Eólicos Estratéxicos<sup>16</sup>.

Na actualidade é a lei 8/2009 é a que regula o aproveitamento eólico en Galiza e que derogou o decreto 242/07. Tamén existe un decreto específico para o repotenciamento dos aerogeneradores obsoletos. Por outra banda cómpre ter en conta que o Plan Sectorial Eólico de Galicia é a figura que ordea a zonificación dos lugares onde é posible a instalación dos parques eólicos no territorio galego mediante a determinación das Áreas de Desenvolvemento Eólico.

### **As rendas eólicas: as fórmulas para o reparto**

Existen varios mecanismos polos cales os promotores da enerxía eólica, titulares dos dereitos para a instalación dun parque eólico dereitos como consecuencia do marco regulador, poden acceder á ocupación da superficie necesaria para a instalación dos aerogeneradores así como a compensación económica resultante. A superficie requirida abrangue diferentes categorías segundo as necesidades da actividade: para a instalación dos aerogeneradores e da subestación precisan a ocupación con pleno dominio; para a produción de electricidade precisan de espazos baleiros arredor dos aerogeneradores, o dominio eólico ou servidume eólica; para a conducción soterrada da electricidade desde os aerogeneradores ata a subestación e para as pistas que comunican as diferentes partes do parque eólico requiren de superficie baixo a categoría de servidume.

O xeito no que acceden a esa superficie condiciona a distribución das rendas xeradas entre os promotores e os seus propietarios. Son tres as opcións existentes:

- **Comprar** a terra;
- Chegar a un **acordo** de cesión co seu propietario; ou ben,
- Demandar da autoridade competente a **expropiación** dos bens inmobles requiridos para o exercicio de tal actividade.

A compra só pode ser exercida sobre terreos de natureza privada, ficando excluída como opción para ocupar os montes comunais pertencentes ás Comunidades de Montes Veciñais en Man Común pois, como se sabe, estes bens son inalienábeis. As outras dúas opcións son válidas para todas as formas de propiedade: a privada, a comunal e a pública.

A produción da enerxía eólica está encadrada dentro das producións en réxime especial que están consideradas de utilidade pública polo que existe a posibilidade de desenvolver un proceso expropiatorio, aínda que nos casos de Montes Veciñais pode plantexarse un proceso de prevalencia para determinar cal é a utilidade pública prevalente sobre a outra.

No caso galego a opción máis común é a do acordo de arrendamento ou cesión mediante o establecemento de Dereitos de Superficie. Neste caso, o pagamento anual pode ser establecido segundo diferentes mecanismos:

---

<sup>16</sup> En virtude do decreto 205/95. Esta figura denominouse posteriormente Plan Eólico Empresarial co Decreto 302/01.

- Participación mediante unha **porcentaxe da facturación** ou nos ingresos brutos dos parques eólicos;
- Pagamento dunha **cantidade segundo a superficie ocupada**; e, finalmente,
- Establecemento dun **canon en función da potencia** instalada.

Na maioría dos casos os Dereitos de Superficie fíxanse a través de documentos públicos onde se establecen as condicións particulares e xerais entre os promotores e os propietarios dos montes. A duración destes dereitos é, case sempre, de 30 anos e algúns promotores fixan cláusulas de prórroga automática, mesmo para os montes comunais.

### **Estimación dos fluxos de renda xerados no mundo rural.**

A instalación de aeroxeradores podería constituír unha ferramenta que permitira fortalecer o mundo rural no que se asenta e desenvolve esta actividade. Sen embargo, e debido principalmente ao marco regulatorio estatal e autonómico, os impactos económicos para os propietarios dos terreos eólicos foron máis ben cativos ao longo deste proceso.

Do negocio eólico que xera centos de millóns de beneficios para os promotores eólicos apenas queda unha parte moi pequena para os propietarios, pero de canto estamos a falar?. Para realizar esta análise temos en conta unha mostra de 55 parques eólicos que representan 1.611,09 MW de potencia instalada no ano 2008 en Galiza dos que coñecemos os acordos aos que chegaron os propietarios cos promotores eólicos. Como temos información da produción en MWh destes parques<sup>17</sup> podemos estimar a facturación bruta dos parques tendo en conta o prezo medio de venda nese ano<sup>18</sup> así como a porcentaxe que destinan a satisfacer os alugueiros dos terreos aos propietarios dos mesmos.

Se realizamos a análise tendo en conta a porcentaxe que corresponde o pagamento do canon aos propietarios dos terreos con respecto á facturación total do parque eólico podemos calcular que a porcentaxe media da facturación bruta dos parques eólicos que ficou en mans dos propietarios foi no ano 2008 do 1,18 %.

A pesares de que están a quedar poucos cartos para os propietarios dos terreos eólicos, existen interesante experiencias que empregan as rendas eólicas para desenvolver proxectos dinamizadores que contribúen a fixar poboación xestionando de maneira sustentable os seus recursos propios e locais. Estas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, Cooperativas e Asociacións de Propietarios demostran co seu traballo diario que outro marco regulador podería ter revitalizado o mundo rural galego conseguindo un reparto máis xusto dos beneficios dos parques eólicos.

---

<sup>17</sup> MITyC

<sup>18</sup> Informe mensual de vendas do réxime especial. CNE

### **Iniciativas dinamizadoras**

Existen experiencias ao longo do territorio galego que mediante o emprego das rendas eólicas dinamizan a actividade local de xeito sustentable, xeran emprego e fixan poboación mediante o aproveitamento dos recursos propios. Van algúns exemplos:

- A CMVMC de Zobra no Concello de Lalín desenvolve unha iniciativa turística mediante a xestión dunhas antigas casas de mineiros rehabilitadas e que aproveita o espectacular entorno no que se asenta xerando postos de emprego e fomentando o sendeirismo de natureza.
- A CMVMC de San Mamede en Carnota xestiona unha grea de cabalos de pura raza galega coa finalidade de controlar o mato e poder compatibilizar este aproveitamento cunha silvicultura de interese nos seus montes.
- A CMVMC de Figueiras no Concello de Mondoñedo xestiona e fomenta con traballos silvícolas os seus recursos micolóxicos mediante un acoutamento coa finalidade de conseguir que as rendas xeradas fiquen en mans dos comuneiros que viven neste lugar.
- A CMVMC de Cabeiras en Arbo introduciu un rabaño de cabras nos seus montes para recuperar unha actividade tradicional, xerar emprego e axudar a controlar o mato, producindo un produto de calidade dentro do manexo da gandería ecolóxica.

### **Conclusiones**

O éxito do modelo deseñado é evidente desde o punto de vista da oferta ao alcanzarse unha potencia instalada que se achega aos 3.300 MW.

A contía das rendas obtidas polos propietarios dos montes non permitiron cambiar a tendencia á desaparición de núcleos de poboación e á destrución de emprego no rural. A súa importancia económica é grande pero o marco xurídico deseñado pola Comunidade Autónoma relegou a un papel secundario, periférico ás comunidades rurais perdéndose unha boa oportunidade para fortalecer económica e socialmente a un segmento importante da nosa sociedade. A dinamización do mundo rural galego e a posta en valor dos seus recursos segue a ser un obxectivo político de primeira orde que vai demandar a transferencia de moitos recursos económicos desde os orzamentos públicos.

Na actualidade está aberto outro grande proceso de instalación de parques eólicos en Galiza mediante a admisión a trámite de 2.325 a través da orde do 29 de marzo de 2010 e doutros procedementos específicos. Neste contexto cómpre maximizar a capacidade negociatoria dos propietarios dos terreos eólicos nos que se vaian a erguer os novos parques para poder conseguir máis rendas eólicas que sirvan para darlle vida ao mundo rural galego. Neste senso, dende o GIEEA grazas á colaboración da Fundación Juana de Vega, temos elaborado unha Guía para os



propietarios de terreos eólicos<sup>19</sup> coa finalidade de por a disposición das CMVMC e dos propietarios privados individuais a información precisa para tratar de maximizar as rendas obtidas nos procesos negociatorios dos novos parques eólicos que se pretenden instalar en Galiza.

## Bibliografía

- COMISIÓN NACIONAL DE LA ENERGÍA. *Informe mensual de ventas de energía del régimen especial (varios años)*. CNE. (<http://www.cne.es>)
- GALICIA (1995). *Decreto 205/1995, do 6 de xullo, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia*. DOG do 17 de Xullo de 1995.
- GALICIA (2001). *Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia*. DOG do 5 de Decembro de 2001.
- GALICIA (2008). *Decreto 242/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia*. DOG do 3 de xaneiro de 2008.
- GALICIA (2009). *Lei 8/2009 do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental*. DOG do 29 de decembro de 2009.
- FUNDACIÓN CAIXAGALICIA (2010). *Informe A Economía Galega*.  
<http://www.fundacioncaixagalicia.org>
- FUNDACIÓN JUANA DE VEGA. (<http://www.juanadevega.org/es>)
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2008): *Nomenclator de Galicia*. IGE. (<http://www.ige.eu>)
- MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO Y COMERCIO (2008). *Estadística de la Industria de la energía eléctrica*. (<http://www.mityc.es>)
- SIMÓN FERNÁNDEZ, X. e COPENA RODRÍGUEZ, D. (2010). *Guía para os propietarios de terreos eólicos*. Fundación Juana de Vega.

---

<sup>19</sup> Pódese descargar libremente na web da Fundación Juana de Vega <http://www.juanadevega.org/es> e na páxina do Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía <http://economiaecoloxica.uvigo.es/>

# O MONTE TAMÉN É CULTURA.

## O patrimonio cultural no monte como oportunidade de dinamización social e desenvolvemento económico.

Felipe Castro  
CMVMC de Salcedo e Bairán

### INTRODUCCIÓN

Cando pensamos no monte e nos seus recursos, adoitamos fixarnos case exclusivamente nos seus valores naturais e forestais que son sen dúbida de grande interese, obviando moitas veces a posible existencia doutros que reúnen tamén un interese social e produtivo que debemos ter en conta (recursos mineiros, hidrolóxicos, enerxéticos, culturais, turísticos, etc.), procurando aproveitálos sempre de maneira sostible.

Precisamente ligado ao monte e dunha forma significativa, existe un amplo e diverso patrimonio cultural que, en moitos casos, indica xa de por si os diferentes usos que se lle deu ao monte e, polo tanto, os valores e recursos que contén entre outros posibles.

### RELACIÓN, TIPOLOXÍA E CLASIFICACIÓN

Segundo a relación existente entre os bens culturais presentes no monte e os seus recursos, clasificámoslos do seguinte xeito:

1. Bens cuxa relación co monte reside unicamente no feito de estar presentes no seu contorno, pertencendo principalmente ao patrimonio arqueolóxico e relixioso (castros, mámoas ou medorras, petroglifos, capelas, etc.).
2. Bens cuxa relación co monte reside en formar parte das infraestruturas de acceso ao monte e de servizo, pertencendo principalmente ao patrimonio etnográfico e arquitectónico (camiños e carreiros, pontes e pontóns, fontes, cabanas de refuxio, vivendas e anexos).
3. Bens cuxa relación co monte reside en estar vinculados directamente aos seus recursos e ás actividades desvoltas ao redor deles, pertencendo principalmente ao patrimonio etnográfico e industrial (sequeiros e ouriceiras, muíños e presas, cabanas de almacenamento, manipulación e transformación dos produtos, minas e canteiras, ferrerías e mazos, foxos do carbón, alvarizas, foxos dos lobos, casetas de vixianza forestal, instalacións de viveiros voantes, ferramentas e apeiros diversos, etc.).

### DESCRIPCIÓN DOS BENS CULTURALS

#### Os castros

Aínda que é difícil fixar a data na que comezou a desenvolverse a cultura castrexa, pódese dicir que coincide co momento no cal os antigos poboadores se

volven sedentarios e comezan a desenvolver unha actividade principalmente agraria, podendo fixar este momento entre os séculos X e V a.C.

Para situar os poboados elixían un emprazamento característico, xeralmente en outeiros ou esporóns a media ladeira, estratexicamente situados de maneira que foran facilmente defendibles, preto das zonas de explotación e control visual sobre as mesmas.

Os lugares onde se asentaban os poboados rodeábanse de elementos defensivos como murallas, parapetos, foxos, etc., conferíndolles uns rasgos moi peculiares e identificativos. Dentro deste espazo levantábase o poboado castrexo ou castro.

A partires do século II a.C., coa progresiva entrada do imperio romano, os castros foron paulatinamente cambiando de dominio, reutilizándoos ás veces con fins diferentes.

O declive da cultura castrexa establécese entre finais do século I e o III d.C., onde a van substituíndo pola organización socio-política galaico-romana, cun progresivo abandono dos poboados castrexos e constituíndo un novo modelo.

Non se sabe con exactitude o número total de castros que houbo en Galicia, pero pode estimarse nun mínimo de 3000, dos cales a maior parte están ubicados en actuais zonas de monte.

### **As mámoas ou medorras**

As mámoas ou medorras son sepulturas constituídas por un túmulo de terra en forma de casquete esférico que case sempre contén no seu interior unha cámara funeraria de pedra chamada **dolmen** que habitualmente acollía un enterramento colectivo. Na maioría dos casos aparecen formando grupos, constituíndo verdadeiros cemiterios compostos dun maior ou menor número de túmulos de pequeno tamaño, o cal lles confire un elemento diferenciador con respecto ás existentes noutros territorios.

Localízanse en todo o territorio galego, preferentemente en zoas chairas como altipláns, tesos divisorios ou terreos semellantes.

As mámoas constrúense en diferentes momentos da prehistoria, ao longo dun dilatado período de tempo que cobre diferentes etapas culturais, podendo dicir que as primeiras medorras galegas construíronse ao redor do ano 4300 a.C., ao comezo do neolítico, e tiveron o seu apoxeo entre o 4000 e o 2500 a.C, e até aproximadamente o 1700 a.C. sofreu un proceso de transformación e decaemento. Na derradeira etapa conviviron coas **cistas**, escavadas no chan e sen túmulo de terra, polo tanto non consideradas mámoas.

### **Os petróglifos**

Os petróglifos son gravados realizados sobre as rochas, non correspondéndose con motivos decorativos ou de pasatempos, senon que responden a crenzas máxicas, relixiosas e ideolóxicas daqueles poboadores prehistóricos. Aínda que as máis coñecidas son as da época prehistórica, aparecen tamén durante as distintas etapas históricas até o presente.

Estas gravacións realizábanse coa axuda dunha pedra ao bater e rascar sobre unha rocha. O efecto da erosión foi pulindo os surcos e figuras que definen os motivos, presentando un aspecto actual moi diferente ao primitivo, non descartando que orixinalmente estivesen pintados.

Dentro da arte rupestre galaica pódense establecer dous estilos: un de formas xeométricas e abstracto e outro figurativo ou naturalista, con motivos zoomorfos principalmente.

A maioría dátanse entre o 2500 e o 1500 a.C., aída que as cazoletas e algunhas combinacións circulares son anteriores, ao redor do 4000 a.C.

### **As capelas**

A arquitectura popular, que forma parte dos aspectos culturais, aporta unha gran variedade de edificacións de diferente uso, cada unha coas súas particularidades e cos aspectos e elementos que os caracterizan. Pois ben, entre eles están as que teñen que ver coa arquitectura relixiosa máis básica, que son as capelas.

Esta edificación, de arquitectura sinxela, serve como lugar de culto principalmente a aquelas aldeas que, non sendo cabeceira de parroquia, carecen de igrexa. Tamén podemos atopalas en lugares illados, mesmo en pleno monte, por lle atribuír a ese lugar algún feito especial como ter acontecido algunha aparición ou un acto milagreiro.

As capelas, aínda sendo de carácter relixioso, eran moitas veces de propiedade civil onde a titularidade recaía na comunidade veciñal ou, incluso, nun único propietario, caso de capelas pertencentes a algunha casa en particular, normalmente de certo rango social. A estas capelas, na maioría dos casos, adóitaselle dar uso soamente unha vez ao ano, o día da celebración do Santo Patrón e, no peor dos casos, están abandonadas e en ruína.

### **Os camiños e carreiros**

A historia dos camiños comeza dende que o home existe e xorden da necesidade de poder transitar dun lugar a outro, de comunicar uns pobos con outros, unhas casas con outras e estas coas propiedades e lugares de diferente uso (terras de labor, prados, soutos, devesas, zonas de monte, muíños, fontes, ríos, igrexas e cemiterios, feiras, etc.).

Cada camiño ten as súas propias características e o trazado ven determinado principalmente pola orografía de cada lugar, o clima e as características do chan por onde descorre. En principio eran moi rudimentarios, permitindo só o paso a pé de persoas e animais. A chegada da roda e as súas aplicacións prácticas fixeron que se precisara unha tipoloxía diferente de camiño, máis ancho, de percorrido máis racional en canto a pendente e obstáculos a salvar.

Debido ás características da xeografía do interior de Galicia, existe unha complexa rede de camiños formada, entre outros, polos sendeiros, carreiros, corredoiras, sendas, camiños de carro, etc.

Os camiños van acompañados dun sentido social moi profundo xa que tanto a construción como a súa conservación foi sempre labor da comunidade veciñal, sendo

estes camiños unha prolongación do fogar, pois neles transcorre boa parte da vida e serven moitas veces como lugar de reunión.

### **As pontes e pontóns**

Un dos elementos patrimoniais máis característicos e numerosos que podemos atopar en relación ás canles fluviais e ao seu contorno son aquelas construcións, de maior ou menor complexidade, destinadas a cruzar ríos e regos (pontes, pontóns, pasadoiros, etc.), supoñendo en certos casos a única posibilidade de comunicar ambas marxes no traxecto dun camiño.

Dende os tempos máis antigos, xunto ás pontes de carácter monumental (romanas, medievais, etc.), a arquitectura e enxeñería popular aportou diferentes deseños, técnicas e materiais, aínda que na nosa terra, a madeira de castiñeiro foi o material máis empregado que, xunto cun deseño sinxelo e un acabado rústico e robusto, lles conferíu unha entidade propia.

No caso dos pasadoiros e dalgún pontón, os materiais empregados eran chantos de pedra, ben pousados no propio curso fluvial se carecía de profundidade ou ben constituíndo pequenos arcos ou estrutura con columnas.

### **As fontes, pías e lavadoiros**

A auga como recurso natural é imprescindible para a vida e é fundamental para desenvolver moitas das actividades que se realizan na vida cotiá, social e produtiva, tamén as que se realizan no monte, comezando pola de saciar a sede das persoas e dos animais que transitan e traballan nel, facer posible boa parte das producións que aproveitaremos do monte, etc.

As fontes son construcións destinadas a aproveitar a auga provinte dun manancial, rego, etc. para o seu uso, e que se deseñan e constrúen de moi distintas maneiras, dende as máis sinxelas ás máis complexas e elaboradas.

Estas construcións, que case sempre son de carácter colectivo, compóñense de captación ou lugar onde collemos a auga, unha canle que, de ser precisa, serve de condución até o lugar indicado e finalmente o recipiente ou depósito (cazoleta, etc.).

A auga que nos proporcionan as fontes é principalmente de uso humano ou doméstico, aínda que pode ter parello unha pía para uso dos animais ou, a través doutros recipientes ou conducións complementarias, para empregar as augas sobrante noutros fins (lavadoiro, rega, etc.).

### **As cabanas**

As cabanas consisten, na maioría do casos, en pequenas edificacións normalmente de planta baixa e de arquitectura básica e incluso primitiva, as cales en moitas ocasións carecen de fiestras e incluso simplemente teñen un oco de acceso pero non dispoñen de porta.

Estas edificacións empréganse para darlle diferentes usos, como refuxio para persoas (pastores, cazadores, traballadores do monte, etc.) e animais (gando vacún, cabalar, cabrún, etc.), almacén (herba, leña, ferramentas, etc.), manipulación e

transformación das producións (viveiros voantes, hortas e leiras situadas en zonas de monte, viñedos, minas, etc.) e outros usos varios (vixianza forestal, etc.).

### **As vivendas e anexos**

Debido ao alto grao de dispersión dos establecementos humanos, o espazo xeográfico galego víuse inzado de numerosos asentamentos e construcións con finalidades diferentes, onde destacan os núcleos rurais, pero tamén infinidade de edificacións illadas e, moitas delas, situadas en zonas de monte que cumprían distintas misións (vivenda, almacenamento, transformación dos produtos, cría e establo de animais, etc.).

Estas vivendas e anexos estaban situados nestas zonas de monte para cubrir diferentes necesidades como as de territorialidade, posibilitar unha forma de vida diaria e continuada preto duns recursos alonxados dos núcleos rurais (brañas, soutos, zoas produtoras de leña e carbón, etc.).

A arquitectura popular, moi presente neste tipo de construcións, é rica en elementos construtivos característicos (corredores, palenques, lareiras, fornos, palleiras, etc.).

### **Os sequeiros e ouriceiras**

Derivado da grande relación que o home tivo con respecto ao castiñeiro e aos seus produtos, herdamos unha rica etnografía, onde aparecen diferentes elementos relacionados coa recollida e tratamento da castaña, entre os que se inclúe os dedicados á conservación da castaña, sequeiros e ouriceiras.

O sequeiro consiste nunha edificación destinada epecificamente ao secado da castaña, composta de dúas plantas, a de abaixo chamada remoleiro onde se prendía o lume, e a superior chamada caniceira que, a modo de piso de madeira composto de ripias (táboas de castiñeiro cunha sección triangular ou trapezoidal), era onde se estendían as castañas para que secan coa calor e co fume, e na que existían uns ventanucos ou furados na parede para proporcionar unha boa ventilación que axudara na seca. Nalgunhas ocasións os sequeiros atopábanse agrupados, formando un complexo parecido a un poboado, de grande atractivo e interese.

As ouriceiras consisten nunhas pequenas e rudimentarias construcións a modo dun pequeno muro circular de aproximadamente 1,5 m de alto e cun diámetro de entre 2 e 5 m e cunha pequena porteleira de acceso, pechado cun portelo de madeira. A ouriceira empregábase para conservar as castañas dentro do ourizo nun estado semiverde, os cales se depositaban no interior da ouriceira e posteriormente tapábanse con fentos, xestas ou uces.

### **As presas e os muíños**

Debido á ampla rede hidrográfica existente en todo o territorio galego (ríos, regos e carrozos), o home aproveitou a forza natural que estas correntes de auga lle proporcionaba, servindo para regar as propiedades (leiras, hortas e prados) e para proporcionarlle o movemento preciso a diferentes mecanismos (muíños, ferrerías,

batáns, etc.). No decurso dos tempos, os ríos e regatos galegos víronse inzados de edificacións e instalacións hidráulicas.

As presas compóñense de dous elementos construtivos, por unha parte está a presa propiamente dita, tamén chamada represa ou chapacuña, que consiste nun muro de contención formado por unha parede inclinada de cachotería, formándose primeiramente unha base de certa anchura construída con pedras de grande tamaño para logo ir cada vez estreitando algo máis e empregando pedras máis pequenas, colocadas a modo de chapacuña. Este muro, que cruza toda a canle do río, ten por misión que a auga non pase e se vaia acumulando até o nivel de onde parte a canle. Esta canle, tamén mal chamada presa, serve de conducción para levar a auga até o lugar indicado (leira, horta ou prado, no caso de que a presa se empregue para a rega, ou muíño, ferrería, batán, etc., no caso de que se empregue como forza motriz). Estas presas construíanse normalmente escavadas sobre o terreo natural (terra ou rocha), mentres que algunhas veces formábanse con paredes de pedra e solado de vargos de lousa.

Os muíños hidráulicos consisten nunha combinación de arquitectura e enxeñería que se plasma a través dunha edificación principal de dúas plantas que acolle os mecanismos precisos para o funcionamento do muíño (roda motriz ou rodicio na planta inferior e os mecanismos de triturar ou moer na planta superior, a maiores do mecanismo de transmisión entre o rodicio e a moa como o eixo e engranaxes) e outras construcións anexas que cumpren a función de recoller, regular e conducir a auga cara o rodicio (cubo e biqueira).

### **As minas**

O aproveitamento mineiro a través da explotación dos xacementos de diferentes minerais, entre os cales destacaron o ferro e o ouro, tiveron unha grande importancia no pasado histórico galego, aínda que tamén a explotación doutros minerais tiveron a súa importancia como o da cal ou o volframio. Estas minas aparecen espalladas polo territorio galego, a maior parte localizadas en zonas de monte.

A explotación da maioría das minas realizábase tanto a ceo aberto como a través de galerías, podendo producir as primeiras grandes socabóns sobre o terreo e as segundas verdadeiros labirintos.

### **As ferrerías e mazos**

Xa dende a antigüidade, grazas aos importantes xacementos de mineral de ferro existentes no substrato dos montes, desenvolveuse unha intensa actividade mineira e, aínda que nun principio os métodos de transformación foron moi rudimentarios, as ferrerías constituíronse en verdadeiras fábricas e nunha importante industria siderúrxica.

Unha Ferrería consiste nunha factoría onde, aproveitando a enerxía hidráulica, se quenta o ferro para podelo traballar posteriormente.

Os mazos son ferrerías de menor entidade nos que se transforma xa o ferro e se convirte en ferramentas e apeiros diversos.

Os traballos de arrinque e extracción do mineral, facíase principalmente a través de galerías soterradas, onde os **venaqueiros** (traballadores encargados de arrincar o mineral) facíanse valer de picos e cuñas nos que petaban con pesadas marras. O transporte do mineral realizábase a través de carros tirados por bois ou mulas, onde os **carreteiros** (traballadores encargados de dirixir o transporte) guiaban a mercadoría ata o seu destino, as ferrerías ás que subministraban.

### Os foxos do carbón

Á hora de realizar certas actividades que precisaban do lume alimentado cun combustible que aportara moitas calorías (a forxa, certas cociñas e fornos, etc.), o carbón de uz foi un medio moi empregado noutros tempos.

O proceso de fabricación consistía en arrincar as plantas de uz negra, incluída a raíz ou coza que era precisamente a que producía este carbón vexetal, a continuación as cozas picábanse en anacos de diferente tamaño para logo poñelos a cocer e conseguir a transformación.

O foxo era o lugar no que se producía esa transformación a través dunha combustión incompleta, e consistía nun burato que se construía escavado no terreo natural cun diámetro variable, dependendo da cantidade de carbón que se quixera preparar en cada foxo e nunca inferior a 1 m, e cunha fondura de 30-40 cm.

Finalmente prendíase unha fogueira no fondo do foxo coa ramallada das uces arrincadas e, a continuación, íanse colocando os anacos de coza, comezando polos máis grandes e continuando cos cada vez máis pequenos, formando un montón que, pouco a pouco se tapaban con terra, ata rematar cubrindo completamente as cozas para finalmente, pasado un tempo (ao redor de media hora), descubrir as cozas xa transformadas en carbón.

### As alvarizas

O interese do home pola apicultura dende tempo inmemorial provocou que, para telas a salvo do ataque dos depredadores (principalmente o oso) se discursise como solución construtiva a alvariza, que adoita presentar unha planta circular ou ovalada, aínda que ás veces, por adaptarse ao relevo do terreo e para aproveitar murallas naturais como rochas ou derrubadoiros, remata tendo formas máis irregulares. As dimensións son variables dependendo da cantidade de colmeas que teña que protexer.

Construtivamente consiste nun muro de pedra de preto dos 3 metros de altura e 1 de anchura, rematado na parte superior cunha cimeira de grandes pedras ou *vardas* que sobresaen do muro, a modo de voladizo, uns 20 cm cara a parte exterior da alvariza e que se denomina *vardal*. Este sistema de amurallamento pretende impedir a entrada a diferentes depredadores onde, nas zonas de montaña, o máis significativo era o oso, até que a principios do século XX desaparecera das serras orientais (Ancares e O Courel). O espazo interior pode estar disposto, de non ter moita pendente, sobre o terreo natural ou ben, de ser empinado, ter construída unha



especie de bancais chamados *sillas* e formados por plataformas de pedra. Ás veces, na parte interior da parede da muralla, colocábanse pedras a diferente altura que sobresaen e que serven de chanzos para subir ao vardal e que tamén se aproveitan para colocar colmeas.

A entrada adoita consistir nunha pequena e robusta porta de madeira que, ou ben dá paso directamente ao interior do albar ou a un pequeno chabolo intermedio que serve de almacén e taller.

O trobo era o tipo de colmea que se empregaba e que, a pesares da súa substitución polas colmeas modernas, aínda se emprega na apicultura tradicional. Estes trobos constrúense, tal como xa facían os romanos, con cortizo (principalmente de sobreira), con troncos ocos (de cerdeira ou castiñeiro) ou con táboas de madeira de castiñeiro. No interior do trobo constrúese un entramado de garabullos para que as abellas poidan asentarse os paneis de cera sobre os cales acaban producindo o mel.

### **O foxo dos lobos**

O lobo foi un animal salvaxe incompatible coa actividade gandeira para os seus propietarios e abundante noutros tempos, polo cal era perseguido a morte. Con este fin empregábanse diferentes técnicas para cazalo como esperas e batidas, sendo unha das máis inxeniosas e elaboradas a de perseguido e guialo cara unha trampa para atrapalo e matalo. Este tipo de cacería consistía nunha práctica colectiva e comunitaria na cal, a través de berros e ruídos, ían dirixindo ao lobo cara unha zona concreta que pouco a pouco se facía máis encaixada para rematar no propio foxo.

O foxo consiste nunha construción moi básica, baseada nun burato ou pozo de forma circular escavada no terreo natural ou construído con muros e cunha altura considerable para evitar a fuxida do lobo e un diámetro de ao redor de 4 m. Deste burato saían dous parapetos ou muros construídos de pedra ou madeira duns 3 m de alto que, segundo se alonxaban del e a modo de embudo, estes íanse separando cada vez máis.

### **As ferramentas e apeiros**

Na maioría das actividades e dos traballos que se desenvolvían no monte precisábase da axuda de ferramentas e apeiros, moitas veces especialmente deseñadas para cada unha delas, mentres que noutros casos procurábase asimilar a esas funcións, ferramentas propias doutras actividades.

As ferramentas e apeiros existentes van das máis rudimentarias e sinxelas ata outras complexas e inxeniosas, construídas normalmente con métodos artesanais e empregando principalmente materiais como a madeira e o ferro.

Aínda que a maioría de ferramentas e apeiros eran fixas e sólidas, existían outras compostas de diferentes partes, articuladas e incluso móbiles e, por suposto, todas elas deseñadas para un uso práctico (cortar, petar ou rachar, cavar, transportar, etc.).

## **ACTUACIONES PRECISAS**

Dado o grave estado no que se atopa a maior parte destes bens culturais, é preciso desenvolver unha serie de iniciativas e actuacións que axuden a valorizalos e a conservar este patrimonio, ademáis de servir como medio dinamizador e de desenvolvemento social e económico. Dentro das posibles actuacións, propóñense como fundamentais:

1. Inventariar e catalogar todos os bens culturais e determinar cales son de maior interese, á hora de ter que priorizar nas actuacións.
2. Realizar os traballos de rehabilitación precisos, coidando que non desvirtúen en ningún caso os diferentes aspectos construtivos e funcionais.
3. Facelo visible, visitable e interpretable.
4. Sinalizar a localización destes bens de interese cultural e o seu acceso.
5. Dalos a coñecer a través de centros de interpretación, paneis interpretativos e roteiros que os percorran, ademáis de deseñar ferramentas de divulgación escolar (unidades didácticas) e doutro tipo.

# O APROVEITAMENTO INTEGRAL DO MONTE: Unha perspectiva de xénero e multifuncional.

Olga Otero Gómez  
UXFOR, Fonte das Meigas en Santa María de Arcos (Chantada)

Bos días a todas e todos. Antes que nada quero dicirvos que eu vivo no medio rural, era gandeira ata fai ben pouco e desde aquí darlle o agradecemento a Xavier Simón por darme a oportunidade de estar aquí na Universidade e contarvos as miñas ideas do que se pode facer no medio rural galego e neste caso nun monte dunha parroquia de Chantada.

Vouvos facer una pequeniña introducción do que é o monte fonte das meigas. Era un monte comunal ata o 1902. No 1902 dividiuse entre os veciños de 5 lugares da parroquia de Arcos. Pacían as vacas, rozábanse os toxos, botávase pan ou centeo e aproveitábase a madeira. Perdeuse todo eso. A xente xa non ia ao monte, non se aproveitou nada durante cincuenta anos e ardía cada certo tempo. Durante moitos anos ninguén da parroquia lle viu ningunha utilidade porque son fincas pequeniñas, plantar era difícil (explicar que agora son propietarios e propietarias individuais)

No ano 2007 fun ao primeiro congreso das unidades de xestión forestal aquí con Bruña, cando estaba a punto de saír o Decreto que regularía as UXFOR. Entón empecei a falar cos vecinos e veciñas, propietarios e propietarias, e a facer reunións para saber se tiñan interese en xuntarnos e poder aproveitar un monte completamente abandonado. Isto é o máis difícil porque, aínda que a extensión non é moita, somos en total 94 propietarios e propietarias repartidos por toda Europa.

Había interese por parte da maioría deles e puxémonos cos tramites para crear unha UXFOR da man da Consellería e fixemos un proxecto de 7 has de castiñeiros micorrizados das 54 que ten monte. O resto son cerdeiras, amieiros, vídalos, carballos e piñeiros. Aproveitáronse xa todas as frondosas que había no monte, aproveitouse todo, fixéronse infraestructuras sen poñer cemento. A idea era dar tres ou catro postos de traballo a longo prazo. O noso proxecto era máis ambicioso, posto que queríamos seguir plantando posto que hai outras parroquias que teñen monte .

Nese monte , 7 has, fíxose una plantación de castiñeiro micorrizado de boletus edulis. En principio, para sacarlle un terceiro aproveitamento a plantación de castiñeiros: madeira, castañas e cogumelos. E despois, porque temos un grupiño de mulleres que nos gustan moito os cogumelos, recollelos, coñecelos, comelos e vendelos cando podemos. Os nosos soutos de castiñeiros aparte de dar castaña tamén dan cogumelos de forma natural: cantarela, boletus, boletus edulis e o boletus aerius que é o mellor de todos os boletus, e a russula viriscens ou seta de cura.

Os cogumelos empezarán a dar aproximadamente aos 8 anos. A micorrización tamén serve para darlle forza a árbore, para que prenda mellor, para que aproveite mellor a materia orgánica.

A idea, polo tanto, é conseguir no monte de Arcos outros aproveitamentos ademais da madeira e que sirvan para que algún veciño ou veciña poida ter uns ingresos.

Na comarca de Chantada segue existindo produción de castaña, incluso temos una empresa que transforma que é castañas naiciña. Posiblemente non se trate do ingreso principal de ningunha familia, pero sí é un ingreso complementario para moitas. Na parroquia de Arcos a produción de castaña case desaparecera porque a xente centrouse na produción de leite.